



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

**BOLSA DE EMPREGO PARA A SELECCIÓN LABORAL TEMPORAL DE (2) OFICIAIS DE PRIMEIRA PARA A BRIGADA MUNICIPAL DE OBRAS, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, CORRESPONDENTE AO PROGRAMA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PEL-CONCELLOS REACTIVA 2021 (EXPDTE. 2021/E001/000001)**

### TERCEIRA FASE: PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

En Ordes, a 16 de marzo de 2021, sendo as dez horas reúnese **no salón de actos, baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes**, o Tribunal que ha de vulgar a BOLSA DE EMPREGO PARA A SELECCIÓN LABORAL TEMPORAL DE (2) OFICIAIS DE PRIMEIRA PARA A BRIGADA MUNICIPAL DE OBRAS, convocada por resolución de alcaldía nº 79/2021, de data 27 de xaneiro de 2021.

Asisten:

- **Presidente:** María Mónica Iglesias Prego, Tesoureira municipal.

- **Vogais:**

Javier Siro Suárez Rodríguez, Interventor municipal.

Ramiro Rama Figueira, Capataz da brigada municipal de obras.

Yolanda Cela Villaverde, Axente de emprego e desenvolvemento local.

- **Secretaria:** Pilar Rey Rodís, funcionaria municipal.

Pola Presidencia declárase constituído o Tribunal, procedéndose seguidamente de conformidade co establecido na Base 7ª (Desenvolvemento do proceso selectivo) á realización da proba de coñecemento da lingua galega.

O Tribunal propón como proba a tradución do castelán ao galego dun texto cunha duración máxima de trinta minutos.

A cualificación será de apto ou non apto.

Valorada a proba realizada o Tribunal outorga as seguintes cualificacións:

ASPIRANTE	DNI	CUALIFICACIÓN
PADIN VARELA, ANTONIO	763****5W	APTO
RAÑA CASTRO, JUAN MANUEL	448****9S	APTO
SILVEIRA VARELA, JOSE MANUEL	763****2B	APTO

(\*) A proba terá carácter eliminatorio, de forma que as persoas aspirantes que non a superen quedarán excluídos do proceso selectivo.

### ORDE DE CLASIFICACIÓN DEFINITIVA – LISTA DE APROBADOS

De conformidade co establecido na base 8ª (Orde de clasificación definitiva) e na base 9ª (Lista de aprobados) a orde de clasificación definitiva dos aspirantes será o resultado de sumar as puntuacións obtidas na fase de concurso e na fase de oposición, polo que o Tribunal declara aprobados coas puntuacións obtidas por orde de maior a menor puntuación as persoas aspirantes seguintes:



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ASPIRANTE	DNI	PRIMEIRA FASE	SEGUNDA FASE	TOTAL
RAÑA CASTRO, JUAN MANUEL	448****9S	1,81	4,00	5,81
VARELA MARZOA, JESUS	793****0R	1,72	4,00	5,72
SILVEIRA VARELA, JOSE MANUEL	763****2B	0,40	3,00	3,40
PADIN VARELA, ANTONIO	763****5W	1,23	2,00	3,23

**RECURSOS:** Contra o acordo do Tribunal de Selección elevando a definitivas a valoración inicial dos méritos alegados polos aspirantes poderá interpoñerse ante o Sr. Alcalde-Presidente o recurso de alzada previsto nos arts. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación deste acordo.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado o acto, dispoñendo a Presidencia que se redacte a presente acta. Sendo as dez horas e trinta minutos do día ao principio sinalado.

Ordes, documento asinado na data da sinatura dixital.

A Presidenta,  
María Mónica Iglesias Prego.

A secretaria,  
Pilar Rey Rodís.